

OBRADOIRO DE SEXUALIDADE

O 10 de Xunio achegábase ata o noso centro, Laura, a psicóloga da asociación “**Quérote**” de Ourense, co obxectivo de promocionar a saúde psicosexual do alumnado de 6º. Asesorounos e deulles información no tocante a actitudes afectivas, cognitivas e conductuais.

Comezou a sesión lembrando os cambios que sofren na puberdade nenos e nenas a nivel físico. Continuou cos que acontecen a nivel psicolóxico e a nivel social. Tamén traballou a percepción persoal e a do entorno no que viven, insistindo en que cada un percibe a realidade de diferente maneira, dependendo das características persoais e educativas.



Rematou a sesión traballando o concepto de “normalidade” para os xóvenes, e a importancia que para estes ten, sentirse membro dun grupo. Invitou ao alumnado a resolver as tódalas súas dúbidas no campo afectivo-sexual, facendo uso de fontes fiables: profesores, a propia asociación (vía e-mail),... e recordoulles que a televisión e os amigos non sempre contan as cousas como acontecen na realidade.